

**A FAC-  
TORÍA**

Espazo formativo  
de Rexenerando

# CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

IX EDICIÓN  
EN GALIZA

Ferramentas e habilidades  
para a xestión de colectivos

120h

Novembro 2023

Xuño 2024

Vedra

## INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN

info@rexenerando.com  
(+34) 604 03 35 15

Acredita

**iiface**  
instituto de facilitación y cambio

Organiza

**rexene-  
rando** | S. Coop.  
Galega

Colabora

 **Concello  
de Vedra**

# INTRODUCCIÓN

A facilitación é o conxunto de habilidades, técnicas e ferramentas para crear as condicións que permitan un desenvolvemento satisfactorio dos procesos grupais e persoais. Nun grupo non só temos reunións e tomas de decisións senón que hai outros espazos de participación igualmente importantes: a creatividade, a cohesión grupal, o espazo emocional do grupo e de resolución de conflitos. Cada un deles require de habilidades e técnicas diferentes para ser xestionado, asegurar o bo funcionamento do grupo e que a diversidade inherente a calquera grupo sume en vez de restar.

## DIRIXIDO A

Persoas vinculadas co ámbito da educación, facilitación, mediación, emprendemento social, xestión, activismo social, animación sociocultural, participantes de organizacións interesadas en mellorar o seu funcionamento grupal ou en como facilitar cambios positivos e satisfactorios nas súas organizacións, grupos ou comunidades, dunha forma participativa, innovadora e que potencie a diversidade.

## INTERÉSACHE SE

PASAS PARTE DO TEU TEMPO EN GRUPOS DE CALQUERA TIPO

---

TRABALLAS EN EQUIPO E/OU ORGANIZACIÓNS SOCIAIS

---

QUERES MELLORAR A PARTICIPACIÓN NA TÚA ORGANIZACION

---

QUERES APRENDER A XESTIONAR OS CONFLICTOS GRUPAIS

---

QUERES EXPLORAR OUTROS XEITOS DE RELACIONARTE CONTIGO, COAS DE MAIS PERSOAS E COA TÚA CONTORNA?

---



# OBXECTIVOS

A vocación deste curso é contribuír a un cambio de paradigma nas relacións humanas, formando persoas que coñezan e integren na súa práctica diaria a revolución que supón aprender a traballar en grupo. O obxectivo principal é que o alumnado tome conciencia dos elementos e dinámicas presentes en calquera grupo, organización ou equipo de traballo e adquiera as habilidades, ferramentas e coñecementos necesarios para:

**QUE O GRUPO ATOPE RUTAS CLARAS PARA CHEGAR Á SÚA MISIÓN, VISIÓN E OBXECTIVOS**

---

**MELLORAR A COMUNICACIÓN ENTRE OS MEMBROS DO GRUPO**

---

**AMPLIAR A PARTICIPACIÓN E A EFICACIA NAS ASEMBLEAS E NOS PROCESOS DE TOMA DE DECISIÓN**

---

**INCORPORAR OS NOVOS VALORES DO LIDERADO**

---

**FACER EMERXER A SABEDORÍA DO GRUPO**

---

**FACILITAR PROCESOS EMOCIONAIS NO GRUPO**

---

**SER CAPAZ DE VER O GRUPO COMO UN MESTRE NO PROPIO DESENVOLVEMENTO PERSOAL.**

---

# DESPOIS DO CURSO PODERÁS:

**INTERVIR** e facilitar nos distintos espazos grupais empregando técnicas e ferramentas axeitadas a cada espazo (reunións e toma de decisións, indagación, sabedoría colectiva e procesos creativos, resolución de conflitos e espazo emocional, e cohesión grupal).

---

Ter **FERRAMENTAS** e habilidades para facilitar nun grupo en diferentes contextos.

---

**ASESORAR** a grupos no seu funcionamento e estrutura interna.

---

**ANALIZAR** a grupos e a súa estrutura dende unha perspectiva sistémica.

---

**AXUDAR** a ampliar a participación e eficiencia nos grupos nos que interveñas.

---

**MELLORAR** as túas relacións persoais e o xeito no que participas nos grupos.

---

Ter un maior coñecemento propio e ferramentas para continuar co teu **DESENVOLVEMENTO PERSOAL** a partir do traballo con grupos.

---

# PROGRAMA

---

## MÓDULO 1

---

**10–12 Novembro / 2023**

INTRODUCCIÓN  
AOS PROCESOS  
GRUPAIS. O ROL  
DA PERSOA  
FACILITADORA

Que é un grupo e para que serve?. Factores clave dos mesmos: procesos, estrutura, contextos. Tipos de procesos grupais: xestión do traballo, xestión da información, relacións coa contorna, toma de decisións, xestión emocional, resolución de problemas. Roles nun grupo. Descrición e definicións. Rol da persoa facilitadora. Que é a facilitación e cales son as funcións relacionadas cos modelos de efectividade grupal.

## MÓDULO 2

---

**15–17 Decembro / 2023**

A COMUNICACIÓN  
COMO PROCESO  
DE APRENDIZAXE  
GRUPAL

Os elementos que afectan á comunicación nun grupo, os tipos de comunicación e as barreiras da mesma. Os diferentes paradigmas desde os que nos comunicamos, que conteñen ideoloxía e intención da comunicación. A comunicación non é neutral e resulta unha ferramenta máis para a aprendizaxe e crecemento grupal. A importancia de entender os procesos de comunicación que se dan a nivel interno, con outras persoas e dentro do grupo, incluíndo como expresar e recibir críticas. A importancia de escoitar os procesos de feedback e retroalimentación que se dan dentro dun grupo e como traballar cos mesmos dende o rol da facilitación.



**12–14 Xaneiro / 2024**

TRABALLAR  
COA DIVERSIDADE.  
LIDERADO  
E RELACIÓNS  
DE PODER  
NOS GRUPOS

Tomarase consciencia das dinámicas da diversidade relacionadas coa cultura, xénero, racialización, etc., facilitando a diversidade interna e externa e incluíndo o traballo coas realidades históricas e a diversidade persoal e cultural dos estilos de liderado. Coñecer as diferentes formas de poder nos grupos, formas de empregalo e diferentes estilos de liderado. Explorar a diversidade dos grupos, como se experimenta tanto a nivel interno, entre as relacións dentro do grupo, e nas interaccións do grupo cara o exterior. A relación do poder e a diversidade e como podemos dende o rol da facilitación contribuír a que haxa unha maior claridade e consciencia dentro dos grupos arredor da relación entre a diversidade e as relacións de poder.

**16–18 Febreiro / 2024**

SABEDORÍA  
E INTELIXENCIA  
COLECTIVA

Como axudar a que emerxa o potencial creativo do grupo a través da súa sabedoría e intelixencia colectivas. Experimentaranse diversas ferramentas e metodoloxías para fomentar o verdadeiro diálogo e a participación dentro dos grupos. Analizarase igualmente como axustar canda unha delas aos obxectivos e momentos de cada grupo, e como deseñar eses procesos de creatividade e sabedoría colectiva en todas as súas fases.

**15–17 Marzo / 2024**

DO INDIVIDUAL  
AO COLECTIVO.  
A XESTIÓN DAS  
EMOCIÓN NOS  
GRUPOS

Explorárase por que é importante traballar a nivel das emocións dentro dos grupos e organizacións. Como as emocións interaccionan e inflúen no funcionamento e consecución dos obxectivos dos grupos. Cales son as técnicas, ferramentas e habilidades que temos que ter en conta e dominar para poder traballar este aspecto dentro dun grupo. Practicaránse ferramentas para prepararse tanto a nivel persoal para xestionar momentos difíciles, tensións como para ser conscientes dos aspectos que suceden dentro dun grupo ou colectivo de xeito non tan visible, pero que inflúen e nos dan información do proceso que está a acontecer.

**19–21 Abri / 2024**

GOBERNANZA  
E TOMA  
DE DECISIONS

Neste módulo chegaranse técnicas e ferramentas para unha organización grupal e toma de decisións máis efectiva, inclusiva e participativa. Analizaranse o conxunto de procesos e costumes que ten un grupo e que afectan a como se participa, como se toman as decisións e como se xestiona un grupo ou colectivo. Abordaranse diferentes estratexias neste contexto: consenso, holocracia, sociocracia...

**10–12 Maio / 2024**

**RESOLUCIÓN  
DE CONFLICTOS.  
HABILIDADES E  
METAHABILIDADES  
PARA FACILITAR  
EN EQUIPOS E  
ORGANIZACIÓNS**

Distinguir as diferentes fases e dinámicas do conflito e aprender a intervir a diferentes niveis (individual, de relación e grupal). Como soste e acoller con apertura o conflito que pode xurdir en grupos e organizacións para poder facilitar esas situacións e recoller a parte útil e con potencial creativo que estes procesos teñen para as organizacións, así como atopar intervencións para a súa resolución.

**14-16 Xuño / 2024**

**A PERSPECTIVA  
DE XÉNERO  
E FEMINISTA NA  
FACILITACIÓN DE  
GRUPOS**

Durante este módulo tomaremos maior consciencia de como a orde de xénero ten lugar nos grupos. Abordaremos a construción diferencial do xénero dende nivel social-estrutural ao grupal e persoal e poremos o foco en como impacta no traballo grupal: rangos, roles, toma de decisións, distribución de tarefas... Achegarémonos á relación do xénero nos catro espazos da facilitación (toma de decisións, indagación, cohesión e xestión emocional).

Finalmente, analizaremos e indagaremos colectivamente arredor das relacións de poder e os privilexios e remataremos coa mirada posta no xénero na facilitación: que necesidades de xénero precisan ser tidas en conta nos grupos? Que pasa cando xorde un conflito de xénero?



# EQUIPO DOCENTE



**César Fernández Pérez**  
—Coordinador e docente

César é facilitador, terapeuta e formador. Licenciouse en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo, e é diplomado en Traballo de Procesos. É socio fundador do IIFAC-e e do Instituto de Traballo de Procesos e Democracia Profunda do Estado español. Conta con máis dunha década de experiencia na facilitación, acompañando persoas e organizacións no desenvolvemento da súa visión, estrutura organizativa, xestión de conflitos e toma de decisións. Foi o coordinador de todas as edicións do Curso Básico e Curso Medio do IIFAC-e en Galiza.

---



**Andrea Rico Adegas**  
—Docente

Andrea é educadora social e pedagoga, especializada en facilitación e xestión de grupos. É socia traballadora da cooperativa Rexenerando e socia do IIFAC-e. Ten experiencia no deseño e execución de proxectos de intervención sociocomunitaria en ámbitos diversos, integrando a participación social e o enfoque de xénero. Facilita e acompaña procesos grupais con organizacións e colectivos. É formadora neste ámbito, ten elaborado materiais de divulgación da facilitación coma o «Manual para o traballo en colectivo», do que é co-autora no marco do proxecto «Gabinete de Imaxinación política».



## **María Rosendo Priego**

—Docente

María é unha apaixonada dos grupos como sistemas vivos que son e a diversidade e riqueza que neles podemos atopar. Gústalle acompañar procesos complexos e momentos difíciles, e honrar as vulnerabilidades e as marxes que todes levamos dentro. Acompaña persoas e grupos desde a metodoloxía de Tráballo de Procesos e desde unha mirada ecotransfeminista do mundo. É educadora social, máster en xénero, diplomada en Psicoloxía Orientada a Procesos e facilitadora de grupos acreditada polo IIFACe. Fai parte da colectiva de facilitación e investigación transfeminista Subúrbia. Desde o ano 2019 convive cunha enfermidade ambiental e grazas a ela a súa mirada e a súa loita ecoloxista é máis activa e consciente.

## ENDEREZO

Centro de Emprendemento  
«A Estación»  
Lugar de Galegos nº 28,  
Santa Cruz de Ribadulla  
Vedra

## PREZO\*

### CURSO COMPLETO

950 €	1050€
Ata o 15/09	Ata o 15/10

### MÓDULOS\*

130 €

\*Só se restan prazas vacantes

## HORARIO

### VENRES:

16 a 20 h

### SÁBADOS:

10 a 14h  
16 a 19h

### DOMINGOS:

10 a 14 h

## PAZOS

### MATRÍCULA\*:

100 €

Antes do 15  
de setembro

### 1 PAGAMENTO:

400 €

Antes do 30  
de outubro

### 2 PAGAMENTO:

450 €

Antes do 15  
de marzo

\*Importe non reembolsable, só no caso de anulación do curso.

## O PREZO INCLÚE

8 módulos de formación  
de 15 h/módulo

---

Sala de formación

---

Documentación  
e materiais

---

Apoio telématico dos  
titores/as para a  
realización dos traballos  
persoais

---

Matrícula para gastos  
administrativos

---



## DEVOLUCIÓN

O importe da matrícula non é reembolsable, e só será devolto se finalmente non hai alumnado suficiente para levar o curso adiante. A formación está deseñada como unha unidade pedagóxica, polo que o importe non será devolto unha vez comezado o curso. En caso de forza maior, poderase proceder a unha baixa co curso xa iniciado. Esta baixa implica que non se abona o importe que falte por pagar, pero non se devolve o xa pagado.

## BONIFICACIÓN

Este curso pódese acoller á modalidade de formación programada polas empresas para as persoas traballadoras (Real Decreto-lei 4/2015, de 22 de marzo). O alumnado que cumpra cos requisitos básicos, ser traballadoras/es por conta allea e que as súas empresas coticen no réxime xeral da Seguridade Social por elas/es, poderán obter un desconto total ou parcial no custe do curso, dado que as empresas dispoñen dun crédito para a formación das persoas traballadoras bonificable nas cotizacións empresariais á Seguridade Social. Para máis información escribe a [info@rexenerando.com](mailto:info@rexenerando.com).

## AXUDAS

Unha vez acadadas as 20 persoas inscritas hai posibilidade de dúas bolsas de axuda do 50% do importe do curso. Se tes interese nesta opción, envía un correo electrónico a [info@rexenerando.com](mailto:info@rexenerando.com). Prazo de solicitude de bolsa: Antes do 15 de setembro

## CERTIFICACIÓN

Este curso está deseñado en base a un itinerario formativo máis amplo en Facilitación de Grupos que acredita o IIFAC-E, Instituto Internacional de Facilitación e Cambio-España ([facilitacion.org](http://facilitacion.org)). Requirirase a asistencia total dun 75% das horas presenciais e un 75% de asistencia das horas de cada módulo, ademáis da entrega dos traballos persoais.

## CALIDADE

En caso de que se produza algunha desconformidade nalgún momento do curso, o alumnado poderá poñer en coñecemento do IIFACE o que entenda que poderían ser tanto cuestionamentos á calidade das formacións como posibles faltas ao código ético do IIFACE por parte das persoas formadoras en calquera módulo del Nivel Básico, a través do correo: [sabias@iiface.org](mailto:sabias@iiface.org). Este correo será revisado por unha persoa do círculo de sabias e derivarase ao círculo competente para a súa resposta e xestión.



# CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

## INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN

info@rexenerando.com  
(+34) 604 03 35 15

Acredita



Organiza



Colabora

